



I CONTROL FEDERADO DE MARCAS VILA DE NOIA



I CONTROL FEDERADO DE MARCAS

“VILA DE NOIA”

Sábado 12 de decembro. Pistas Municipais de San Lázaro. Noia. A Coruña.

Organiza: Club Atletismo Noia.

Patrocina: Concello de Noia.

Colaboran: Federación Galega de Atletismo.

1.- Horario Definitivo

C.Ch.	Hora	Proba	C.Ch.	Hora	Proba
09:49	10:01	1000 ml Sub14 Masc. Final A	11:48	12:00	500 ml Sub12 Masc. Final A
09:56	10:08	1000 ml Sub14 Masc. Final B	11:55	12:07	500 ml Sub12 Masc. Final B
10:03	10:15	1000 ml Sub14 Masc. Final C	12:02	12:14	500 ml Sub12 Masc. Final C
10:10	10:22	1000 ml Sub14 Fem. Final A	12:09	12:21	500 ml Sub12 Fem. Final A
10:17	10:29	1000 ml Sub14 Fem. Final B	12:16	12:28	500 ml Sub12 Fem. Final B
10:24	10:36	1000 ml Sub14 Fem. Final C	12:23	12:35	500 ml Sub12 Fem. Final C
10:31	10:43	1000 ml Sub16 Masc. Final A	12:30	12:42	800 ml Sub 18-20 Masc. Final A
10:38	10:50	1000 ml Sub16 Masc. Final B	12:37	12:49	800 ml Sub 18-20 Fem. Final A
10:45	10:57	1000 ml Sub16 Masc. Final C	12:44	12:56	800 ml Sub 23 e sup Masc. Final A
10:52	11:04	1000 ml Sub16 Fem. Final A	12:51	13:03	800 ml Sub 23 e sup Femn. Final A
10:59	11:11	1000 ml Sub16 Fem. Final B	12:58	13:10	300 ml Sub 16 Masc. Final A
11:06	11:18	500 ml Sub10 Masc. Final A	13:05	13:17	300 ml Sub 16 Masc. Final B
11:13	11:25	500 ml Sub10 Masc. Final B	13:12	13:24	300 ml Sub 16 Fem. Final A
11:20	11:32	500 ml Sub10 Masc. Final C	13:19	13:31	300 ml Sub 16 Fem. Final B
11:27	11:39	500 ml Sub10 Fem. Final A	13:26	13:38	200 ml Sub 18 e sup Masc. Final A
11:34	11:46	500 ml Sub10 Fem. Final B	13:33	13:45	200 ml Sub 18 e sup Fem.. Final A
11:41	11:53	500 ml Sub10 Fem. Final C			

2.- As inscricións fanse a través do sistema online da web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata o martes 8 de decembro ás 20.00 horas.

3.- Comunicar renuncias ata as 22:00 h. do xoves día 10 de decembro no correo electrónico: competicion@atletismo.gal .

4.- O aforo será controlado e limitado. Por Protocolo Covid-19 e polas restricións de aforo nas gradas por protocolo da propia instalación, a Organización acreditará a un representante do Club (Delegado ou adestrador); entre 10 e 20 atletas dun Clube, 1 delg. e 1 entr.; entre 21 e 30, 1 delg. e 2 entr.; entre 31 e 40, 1 delg. e 3 entr.; mais de 41 atletas, 1 delg. e 5 entr. Entrenadores con licenza en vigor.



I CONTROL FEDERADO DE MARCAS VILA DE NOIA



I CONTROL FEDERADO DE MARCAS “VILA DE NOIA”

Deberán cubrir o formulario de solicitude habilitado ó efecto no sitio web www.atletismo.gal ata as 22:00 horas do xoves 10/12/2020.

5.- Non poderá haber ninguén rodeando as pistas, soamente na grada.

6.- O quecemento realizarase SEMPRE de forma individual e coa máscara posta nunha zona acotada a tal efecto na propia instalación.

7.- Establecerase un número máximo de 6 participantes por proba, priorizando a reserva do 50% para os/as atletas do Club Atletismo Noia. No caso de ser superado o tope de inscricións, aplicarase o criterio de mellores marcas realizadas dende o 1 de abril de 2019, e as marcas realizadas en probas similares tanto na pista cuberta coma no aire libre. A organización utilizará as táboas WA de puntuación para comparar as marcas feitas en distintas probas e así decidir a que atletas admitir. Teranse en conta só as marcas indicadas no momento da inscrición, tamén poderá ser utilizado o campo do dorsal para a acreditación das marcas dos participantes. A ORGANIZACIÓN PODERÁ ADMITIR A ATLETAS INVITADOS A CRITERIO PROPIO. En ningún caso se aceptarán inscricións fóra de prazo.

8.- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente a sanción será de 3 € por atleta inscrito/a e por proba, salvo causa xustificada e comunicada por escrito no correo electrónico competicion@atletismo.gal con unha antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas a F.G.A. 6 € por atleta con datos falsos.

9.- Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma total visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

10.- Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada de dorsal a folla de Declaración Responsable. A máscara soamente retirase no momento en que sexa indicado polo xuíz árbitro de saída; entregarase unha nova ao chegar á meta.

11.- Todos/as os/as atletas deberán competir coa camisola oficial do seu club.

12.- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola F.G.A., así como as indicacións do Responsable COVID-19 da F.G.A. Así coma o do propio da instalación Pistas Municipais de San Lázaro (Concello de Noia).

13.- Aqueles atletas que veñan a competir dende fora de Galicia, é obrigado que todos os integrantes realicen test serolóxicos ou probas similares e comunicar o desprazamento a Xunta de Galicia enchendo o formulario web: <https://desprazamentosdeportivos.xunta.gal/formulario-desprazamentos-deportivos> máis información na web: <https://desprazamentos-deportivos.xunta.gal/portada>.

14.-A competición poderá suspenderse en función da situación sanitaria.

15.- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.